

5

Nosa Nai lavábanos a miúdo. Baixo a ducha ou na bañeira. Poñíanos roupas limpas, cortábanos as unllas. Para cortar o pelo, acompañábanos ao cabeleireiro. Cepillabámonos os dentes despois de cada comida. Na casa de Avoa é imposible lavarse. Non hai cuarto de baño, non hai nin tan sequera auga corrente. Hai que ir bombear a auga do pozo que está no patio, e traela nun caldeiro. Non hai xabón na casa, nin dentífrico, nin productos para a bogada. Todo está suxo na cociña. O enlousado encarnado, irregular, pégase aos pés, a gran mesa pégase ás mans e aos cóbados. O forno está completamente negro pola graxa, así como as paredes todo ao redor pola ferruxe. Aínda que a Avoa lave a vaixela, os pratos, as culleres, os coitelos non están nunca ben limpos, e as potas están cubertas dunha espesa capa de cotra. Ao principio, non tiñamos nin ganas de comer, sobre todo cando viamos como Avoa preparaba as comidas, sen lavar as mans e limpando os mocos coa manga. Máis tarde, nin tan sequera reparabamos niso. Cando vai calor, ímonos bañar no regato, lavamos cara e dentes no pozo. Cando vai frío, é imposible lavarse completamente. Non hai un recipiente o bastante grande na casa. A roupa que levamos posta esgaza, os zapatos desgástanse, fúranse. Cando é posible, camiñamos cos pés descalzos e non levamos máis que un calzón ou un pantalón. A planta dos pés endurecesenos, xa non sentimos nin as espiñas nin as pedras. Pónsenos a pel moura, as pernas e os brazos échensenos de feridas, de cortes, de cotras, de picaduras de insectos. As unllas, nunca cortadas, rompen, o pelo chéganos ata os ombros. Os retretes están ao fondo do xardín. Non hai nunca papel. Limpámonos coas follas máis grandes dalgunhas plantas. Temos un cheiro mesturado de esterco, de peixe, de herba, de cogomelo, de fume, de leite, de queixo, de lama, de bulleiro, de terra, de transpiración, de ouriños, de mofo. Fedemos como Avoa.